

A auga na tradición popular

Moitas historias, contos e lendas teñen relación coa auga. Quizáis o fundamento deste feito radique na importancia vital que ten a auga para nós.

Mares, lagos e lagoas, ríos, regos, fontes, pozos ... son lugares cos que moita xente ten unha relación “máxica”.

Nas costas fálase de mar embravecida, de cidades asolagadas por temporais, afundimentos e meigallos; réndese homenaxe ao mar, fonte de riqueza e desgraza ao mesmo tempo. Nas zonas de interior destaca a existencia de fontes miragreiras e lagoas encantadas (onde hai máis de un tesouro ou cidade afundida).



REFRÁNS

- En abril, cada pingueira vale por mil.
- A chuvia de San Xoan tolle o viño e non da pan..
- En agosto chove mel e mosto.
- En abril augas mil, en maio as que queiran vir.
- Cando Nadal nada, sinal de boa anada.
- Xeada enriba de lodo, auga deica o codo.
- O mes de xaneiro xeadeiro, o de febreiro mulideiro, o de marzo esqueiroso e o de abril chuvioso sacan a maio frorido e fermoso.
- Polo agosto arden os montes, polo setembro secan as fontes.
- Auga corrente non mata á xente, auga parada, tenna matada.



AUGA DE SAN XOAN

Ten propiedades máxicas e curativas. Prepárese na véspera do santo antes de que se poña o sol collendo auga, de unha ou de varias fontes, na que se botan herbas aromáticas e flores, déixase toda a noite ao sereo e úsase o día de San Xoan para lavarse.



CANTIGAS

Maruxiña vai na fonte moito tarda que non ven, ou rompeu o cantariño ou moitos amores ten.


Unha nena nunha fonte, por unha verza bebía, a verza estáballe rota, toda a auga lle vertía.

A auguiña desta fonte moita sedaña calmou, e nos cen anos que leva moita cariña lavou.

Fun á fonte a beber auga debaixo dunha pereira, solo por ver os teus ollos que a sede moita non era.

Eu fun á fonte por auga nunca tal auga nacera, tiven que tomar amores antes de pousar a sella.

Canta meniña, na beira da fonte; canta, dareiche boliños do pote.



AS FONTES

Tan abundantes en Galicia, son bens comunais, ata hai poucos anos imprescindibles.

Pola súa importancia convértéronse, nalgúns casos en obras artísticas que se situaban en lugares destacados. Moitas veces están asociadas aos lavadoiros e pías para beber o gando. Na actualidade constrúense como elementos decorativos.

LENDAS E CRENZAS

Abundan as fontes chamadas das “mouras” ou dos “mouros” relacionadas con lendas de gardadoras de tesouros. Tamén existen numerosas fontes miragreiras asociadas a santuarios (Santo André de Teixido, Escravitude, Santa Mariña de Augas Santas, As Ermidas, A Lama, Amil, Santo Estevo do Ermo,...).

Cando un forasteiro bebe auga, ou lava as mans en determinadas fontes (Verín, Ourense...) casa no lugar.

RECITADO

Auga, que forte eres, que apagas o lume que queima o pau que malla o gato que corre o rato que fura o muro que torna o aire que corre a nube que cubre a lúa que turba o sol que derrete a neve que no meu pé prende.

RECIPIENTES TRADICIONAIS PARA A AUGA

